



GRUPO MUNICIPAL DE VILABOA

Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 27/05/09:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Vilaboa ten un acceso a AP-9 no lugar de Barbeita, entre as parroquias de Figueirido e Vilaboa, que conecta a estrada N-550 e a AP-9. Este enlace unicamente permite a incorporación en sentido Pontevedra/Santiago e a saída neste mesmo sentido.

O Concello de Vilaboa, no seu momento, realizou un pequeno estudo para completar os movementos neste punto e o autor do estudo chegou á conclusión de que non era necesaria a realización dunha grande obra para conseguir conectar o noso concello con Vigo. Unicamente se precisaría aumentar unha cabina de cobro de peaxe máis.

O 28 de abril o Ministerio de Fomento sacou a exposición pública o proxecto de construción do enlace da AP-9 no lugar de Barbeita, atopándose este, actualmente, en período de alegacións.

En consecuencia, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro. O Concello de Vilaboa presentará unha alegación ao Proxecto 33-PO-3130, de construción de enlace e mellora de accesos á CN-550 e A-9 en Figueirido (Vilaboa), para que o Ministerio de Fomento inclúa a ampliación de movementos para permitir a incorporación e a saída da AP-9 en sentido Vigo.

Vilaboa, 26 de maio de 2009

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA